



## SELECCIÓN TEMPORAL de PERSOAL FACULTATIVO

O SERGAS propón unha entrevista persoal que puntúa máis que a suma do tempo traballado e a investigación

**CIG-SAÚDE non pode apoiar un baremo de selección temporal de persoal facultativo no que o maior peso do baremo sexa a entrevista persoal.**

O primeiro acordo de negociar un **procedemento de selección temporal regrado** e con criterios obxectivos para o persoal facultativo de atención especializada data do 13 de febreiro de 2007.

No pacto de contratacións do ano 2011, o SERGAS volveu a comprometerse a negociar o pacto de selección temporal de FEAS, sen que nunca tivera lugar durante a vixencia do mesmo.

**Agora, no ano 2017, o SERGAS abriu a mesa de negociación.**

**Para CIG-Saúde, co baremo de selección temporal para o persoal facultativo que propón o SERGAS, é discutible que o procedemento de selección se realice con criterios obxectivos.**

O **Plano de Estabilidade** aprobado na mesa sectorial do SERGAS o día 17 de marzo, **co voto en contra da CIG-SAÚDE**, por non ter un censo de profesionais que nos permitise coñecer a realidade da precariedade laboral e por non converter en prazas vacantes todas as prazas xeradas desde o 2010 que levan cubertas con contratos precarios de forma continuada, **non pretende rematar en serio coa precariedade laboral.**

O Plano de Estabilidade fala da creación de 400 prazas, pero non sabemos a que colectivos corresponde, a que áreas sanitarias, nin cales van ser as especialidades médicas obxecto deste plano.

**O que si sabemos** é que o baremo de selección de FEAS vai conter:

- 12 puntos de formación.
- 2 puntos por coñecemento de lingua galega.
- 22 puntos de experiencia profesional.
- 4 puntos por investigación e innovación sanitaria.

**Non se sabe** cantos puntos pretende outorgar o SERGAS á fase de oposición.

Pero o que si di o Plano de Estabilidade é que as convocatorias axustaranse ao previsto no artigo 67 do **decreto 206/2005, de selección e provisión:**

**E isto que quere dicir?** que neste baremo incluírase a **realización dunha entrevista persoal**, á que se lle poderá conceder **un máximo de 30 puntos** que sería **superior á suma da experiencia profesional e toda a produción científica que teña o persoal facultativo.**

Desde **CIG-SAÚDE** non podemos aceptar ese baremo e propoñemos **un baremo obxectivo**, coma o utilizado para o resto de persoal facultativo: médicas/os de familia, pediatras de atención primaria, odontólogas/os... persoal seleccionado mediante un baremo de méritos, **sen entrevista persoal.**